

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E MONTYMANS EVENTS SL PARA A REALIZACIÓN DO “GAIAS GAMING 2016” EN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia , **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten previsto formalizar con **MONTYMANS EVENTS SL** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 18 de abril de 2016 ata a realización do GAIÁS GAMING 2016 (de 13 e o 15 de maio de 2016) e os días precisos para tarefas de montaxe e desmontaxe, sen posibilidade de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A cesión temporal a título gratuito de espazos na Cidade da Cultura de Galicia prevista (vinculada ao calendario de actividades previsto para o Gaiás Gaming 2016) para a celebración do mesmo entre o 13 e o 15 de maio de 2016.

Para a consecución dos seus fins sociais, consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACION leva a cabo todo tipo de actividades “ [...] que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

Así pois, en virtude do mandamento estatutario, a FUNDACION leva a cabo todo tipo de accións de fomento e promoción do Emprendemento cultural en toda a súa extensión



e en todas as súas disciplinas, incluído a promoción económica e o impulso do emprendemento empresarial e tecnolóxico. O Gaiás está intimamente ligado ao fomento do Emprendemento en toda a súa extensión, programando actividades formativas e de asesoramento que redunden nas empresas emprendedoras que actualmente se ubican no Centro de Emprendemento (CEM), con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación tecnolóxica e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

Igualmente, segundo o previsto no artigo 7 dos Estatutos, a Fundación leva a cabo todo tipo de actuacións na procura da interrelación con axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas (con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada), así como todas aquelas axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión e de formación no ámbito da innovación na xestión cultural, para contribuír á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

O GAIAS GAMING 2016 é un evento relacionado coa tecnoloxía e que ten como obxectivos principais os seguintes;

- Transmitir a relevancia da tecnoloxía na sociedade actual, preparando un espazo reservado onde se poidan compartir coñecementos e experiencias relacionados coas últimas tendencias e innovacións.
- Realizar actividades enfocadas ao lecer do público xeral, sempre co trans fondo da tecnoloxía.



O alcance directo do evento estímase en 800 (participantes no evento intranet) e aproximadamente a unhas 10.000 persoas que visiten a Extranet, ademais do impacto en redes sociais, publicidade tradicional, internet, radio e televisión.

Destacar que o evento ten tamén unha vertente solidaria, xa que a recadación da entrada á extranet irá integramente destinada a entidades benéficas e promoverán a realización dunha campaña de recollida de roupa e alimentos e diversas actuacións de carácter solidario.

Este evento, está a ser apoiado por distintas empresas españolas do sector TIC que colaboran cos organizadores no éxito desta primeira convocatoria. Gaiás Gaming 2016 inclúe actividades que conxugan ocio e tecnoloxías, e que abranguerán un amplo abano de público obxectivo.

Para a Cidade da Cultura de Galicia, albergar un evento con tanta repercusión mediática e cunha temática intimamente vinculada ás novas tecnoloxías, e con actividades dirixidas a un target tan amplo, supón posicionar ao Gaiás durante tres días, no panorama nacional das novas tecnoloxías e o emprendemento cultural-tecnolóxico, motivo pola cal entende necesario apoiar esta iniciativa (que ademais é promovida por unha empresa galega) para dar cumprimento a outro dos fins estatutarios da Fundación como é o de “propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte” (artigo 7.c dos Estatutos da Fundación).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por



Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago a 21 de xaneiro 2016

(asinado dixitalmente)

